

55 *anos*

DA LITURXIA EN GALEGO

1969 ‡ 2024

COMISARIOS

Silvestre Gómez Xurxo
Francisco Domínguez

COORDINACIÓN

Xesús Domínguez Dono

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Hayat Husein

PRODUCCIÓN

Merlín Comunicación – Grupo Editorial Galaxia


Merlín COMUNICACIÓN
EDITORIAL GALAXIA

FABRICACIÓN

CdeC

AGRADECEMENTOS

Secretaría Xeral de Política Lingüística
Arcebispo de Santiago
Fundación Penzol
Fundación Isla Couto
Archivo de España de la Compañía de Jesús



XUNTA
DE GALICIA



SEPT



ARQUIDIOCESE DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A LITURXIA NAS LINGUAS VERNÁCULAS



Concilio Vaticano II (1962-1965) proclama o 4-XII-1963 a Constitución Conciliar sobre a Sagrada Liturxia, en que se aproba o uso das **linguas vernáculas** na liturxia.

Compételles aos bispos fixar a lingua vernácula das súas dioceses, autorizar a súa aplicación e prover os textos litúrxicos, proceso que maioritariamente se realiza durante 1964. Estas decisións deben ser aprobadas polo Vaticano.

En xaneiro de 1964, Paulo VI anuncia a creación da comisión **Consilium ad exsequendam constitutionem de Sacra Liturgia** para dirixir a aplicación da Constitución. O Consilium atende e aproba as solicitudes de uso das linguas vernáculas. As primeiras autorizacións son de 1964 e aplícanse en xaneiro de 1965.

Para os bispos galegos, o español é a lingua vernácula de Galicia. O **20-XII-1964** publican as normas para o uso da lingua vernácula na liturxia nas dioceses galegas, que só contemplan o uso do español: **“Por lo que se refiere a la introducción de la lengua española en la liturgia, sólo a partir del 1 de enero de 1965...”** (*Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*).



Paulo VI. Foto Felici, 1969



Sesión do Concilio Vaticano II, na basílica de San Pedro

— 665 —

COMISION DIOCESANA DE APOSTOLADO LITURGICO

A los Rvdos. Sres. Sacerdotes:

En nuestra anterior Circular hemos anunciado que a su debido tiempo comunicariamos las normas relativas a la introducción de la lengua española en la Liturgia, así como algunas otras reformas contenidas en la Instrucción del Consejo Conciliar para la aplicación de la Constitución sobre la Sagrada Liturgia, cuyo texto se halla publicado en el Boletín Oficial del Arzobispado del 29 de noviembre próximo pasado.

Reformas del 1.º de enero.

Por lo que se refiere a la introducción de la lengua española en la Liturgia, se autoriza, sólo en parte, a partir del día 1 de enero de 1965, a tenor de la siguiente disposición del Episcopado Español:


1.º «En fecha 1 de enero de 1965 podrá empezarse la lectura directa en lengua vernácula (sin leerlos antes en latín) de la Epístola y del Evangelio en todas las misas que se celebren con asistencia de pueblo».

A este objeto y mientras no se publique el Leccionario oficial, se autorizan únicamente los textos contenidos en los Misales siguientes: Ribera, Ramba, Nacar-Colunga, Castillo-Sanz, Goldaraz, Pons, Serra, Gubianas, Molina, Lefebvre, Vilariño, Sánchez Ruiz, Antofana, Pérez de Urbel y Monasterio de Monserrat.

2.º «En fecha también de 1 de enero se podrán administrar los Sacramentos del Bautismo y de la Unción de enfermos en lengua vernácula».

El texto aprobado para la administración de estos sacramentos, mientras no se publique el Ritual completo, es el de los respectivos Rituales para los fieles, de reciente aparición. Quienes no dispongan de dichos Rituales seguirán administrando estos Sacramentos en lengua latina.

Páxina do *Boletín Oficial del Arzobispado de Santiago*



XUNTA
DE GALICIA



SEPT




ARQUIDIOCESE DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A XUSTA CAUSA DA LITURXIA EN GALEGO



exclusión do galego na liturxia provoca reaccións e protestas de persoas e colectivos galegos, tanto no interior como na emigración.

O cardeal Quiroga Palacios recibe cartas e telegramas desde América, como a dos centros e asociacións galegas do Uruguai. A Mocidade Galega Universitaria Católica, presidida por **Xosé Luís Fontenla Rodríguez**, estivo moi activa, con escritos dirixidos ao cardeal e aos bispos galegos.



Documento a prol da liturxia en galego, asinado por mil dúascentas persoas. Fundación Isla Couto


Tivo moita repercusión un escrito promovido por **Xaime Isla, Domingo Fernández del Riego** e **Fontenla Méndez**, asinado por 1.200 persoas e dirixido ao cardeal Quiroga en marzo de 1965.

Entre 1965-1967 prodúcese unha viva polémica na prensa galega a prol e en contra da liturxia en galego.

O artigo “La Iglesia no habla la misma lengua que los gallegos” (*Signo*, 3-XII-1966), de **Alfonso Álvarez Gándara**, gaardado co Premio Fernández Latorre de Periodismo, deulle dimensión estatal ao problema.



Alfonso Álvarez Gándara



Xosé Luís Fontenla Rodríguez, primeiro pola dereita, con Ramón Piñeiro e outros acompañantes. Arquivo Fundación Penzol



XUNTA
DE GALICIA



ARQUIDIOCESE DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A MISA DE ROSALÍA




O 25-VII-1965, Ano Santo compostelán, o padre **Xaime Seixas Subirá** celebra a tradicional misa por Rosalía, organizada polo Padroado Rosalía de Castro, en San Domingos de Bonaval.

Consta como a primeira misa celebrada en galego, con autorización oficial. Ao seu remate, Ramón Otero Pedrayo díxolle ao padre Seixas:

“Levaba moito tempo pedindo a Deus que chegase este día, e chegou. Xa podo morrer contento.”



Xaime Seixas Subirá, celebrando misa en Vigo na igrexa dos Apóstolos



Misal do padre Seixas, con nota súa manuscrita. Archivo de España de la Compañía de Jesús

A designación do **padre Seixas** como oficiante foi unha encomenda persoal do cardeal Quiroga, que lle pediu “fidelidade á nova liturxia e ao noso idioma”.

Na celebración usouse o misal publicado pola Mocidade Galega Universitaria Católica.

O 30 de xaneiro de 1966 os bispos galegos aproban o uso do galego nas homilías. En diante, e antes da regulamentaria aprobación do Vaticano, comezan a celebrarse algunhas misas en galego.




Igrexa de San Domingos de Bonaval, onde se oficiou a primeira misa en galego (1965)




Xaime Isla co crego galeguista Manuel Espiña



Xosé Morente, durante un oficio relixioso. *La Voz de Galicia* - César Quián



Antón Gómez Vilasó



XUNTA
DE GALICIA




SEPT



ARQUIDIOCESE DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A APROBACIÓN AGARDADA



Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela

TRADUCCIÓN DO PROTOCOLO DE APROBACIÓN

CONSELLO PARA POÑER EN PRÁCTICA A CONSTITUCIÓN SOBRE A SAGRADA LITURXIA

Prot.. . 455/68

AO REDOR DA ADMINISTRACIÓN DA PROVINCIA ECLESIAÍSTICA DE GALICIA EN ESPAÑA

Por solicitude do Emmo. Sr. D. Fernando Quiroga y Palacios, arcebispo compostelán, mediante carta do día 22 de febreiro de 1966, en nome dos bispos da Provincia Eclesiástica Compostelá, en virtude das facultades concedidas a este "Consello" polo Sumo Pontífice PAULO PP. VI, aprobamos ou confirmamos con agrado o que segue:

1. A lingua galega pode empregarse na Provincia Eclesiástica Compostelá nas celebracións con participación da xente desa lingua e dentro do límites establecidos no que atinxe ao uso da lingua vernácula para as dioceses de España.
2. No que se refire á interpretación popular, "interinamente", e ata que se dispoña da versión preparada pola Comisión Litúrxica e aprobada por todos os Ordinarios da Provincia Compostelá, confirmase o texto que se atopa recollido no libro que leva por título *O misal galego* (Editorial SEPT, 1968).

Por outra banda, no referente ás Preces Eucarísticas novas, haberá que aterse ao que se indica no folio anexo sobre o especificado no texto das mesmas.

Constitúase, porén, unha Comisión Litúrxica, que coide das interpretacións populares que poidan xurdir. No que se refire á constitución deste xénero de Comisión, e no que concerne ás súas funcións, deberanse concretar nas reunións da Conferencia Episcopal da devandita nación.

Para imprimir para uso litúrxico os textos xurdidos na lingua vernácula, cómpre xustaporlles o texto latino, e ademais deberase facer referencia á confirmación concedida pola Sé Apostólica. Dous exemplares dos textos publicados aos que se fixo alusión máis arriba, deberanse enviar á Secretaría deste "Consello".

Non habendo razóns en contra, damos conta do afirmado, na Cidade do Vaticano, o día 8 de decembro de 1968.

(Benno Card. Gut, Presidente;
A. Bugnini, CM., Secretario).



22-II-1966 o cardeal Quiroga manda ao Consilium a solicitude para a **aprobación do galego na liturxia**, para o que había que presentar os textos litúrxicos traducidos, que aínda estaban sen facer en galego.


Para resolver esta eiva, SEPT publicou en setembro de 1968 o **Misal galego**, que foi aprobado pola Conferencia Episcopal Española e incorporado á solicitude no Consilium.

Nese mes, unha representación de **SEPT** entrevistouse en Oviedo con monseñor Tarancón, presidente da Comisión de Liturxia da Conferencia Episcopal Española, para impulsar o proceso. O cardeal Quiroga interveu para resolver inxerencias políticas de última hora.


O **8-XII-1968** o Consilium aproba o galego como lingua litúrxica nas dioceses de Galicia. A nova sábese o 7 de xaneiro de 1969, con gran repercusión na situación política e lingüística do momento.




Cardenal Fernando Quiroga Palacios
Foto: Arcebispado de Santiago



XUNTA DE GALICIA



SEPT



ARQUIDIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



PUBLICACIÓNS QUE ABRIRON CAMIÑO



n 1968 SEPT publicou o *Misal galego*, traducido por Morente, Espiña, Estraviz e Vidán, onde se inclúen os rituais dalgúns sacramentos; publicación que foi fundamental para a aprobación do galego como lingua litúrxica.

O *Misal romano* posconciliar publicouse en 1970. A tradución para o galego saíu en 1987.

De 1975 é a carta pastoral *A fe cristiá ante a cuestión da lingua galega*, de monseñor Araújo.







Pola demora na publicación dos textos oficiais, a liturxia en galego válese de escritos provisionais.

Os leccionarios oficiais comezan a publicarse en 1997, usando como base a Biblia de SEPT.

A *Biblia en galego*, traducida desde as linguas orixinais, vía a luz en 1989, publicada por SEPT.

Tamén se publicaron materiais auxiliares para as celebracións en galego.



XUNTA
DE GALICIA



SEPT



ARQUIDIOCESE DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DO ENTUSIASMO Á REALIDADE


A aprobación da liturxia en galego recibíuse coa ilusión propia do que se fai agardar. Pero aínda estaba por ver a acollida e a resposta que ía ter por parte do clero.

Os bispos galegos crean en 1969 a **Comisión Interdiocesana para a liturxia en galego**, presidida por monseñor Cerviño, para promovelas e realizar a tradución e publicación dos textos litúrxicos.


O **Concilio Pastoral de Galicia** aproba en xuño de 1976 a proposta da introdución do **galego na liturxia**, e establece a norma de que en todas as parroquias galegas haberá, cando menos, unha misa dominical en galego, e, onde o galego sexa a lingua única, todas as celebracións deben ser nesta lingua.

O **24-VIII-1976** os bispos galegos asinan o documento “A liturxia renovada na pastoral da Igrexa”, comprometéndose a cumprir coas disposicións do Concilio Pastoral de Galicia.





Mais os estudos coinciden que en 1989 só o 7 por cento das misas dominicais en Galicia se celebraban en galego, e só había algunha no 14 por cento das parroquias.



Telegrama da agradecemento de Xaime Isla e Cristina Novoa ao cardeal Quiroga Palacios. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela



Borrador de telegrama de Xaime Isla ao cardeal Quiroga. Fundación Isla Couto



XUNTA
DE GALICIA



ARQUIDIOCESE DE
SANTIAGO
DE COMPOSTELA